

Anteproxecto de Decreto, polo que se regula a categoría de médico/a de admisión e documentación clínica do Servizo Galego de Saúde.

A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, dispón no artigo 15.1 que cada servizo de saúde establecerá, modificará ou suprimirá as categorías do seu persoal estatutario de acordo coas previsións contidas no propio Estatuto Marco. E conforme o artigo 113.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a creación, modificación e supresión de categorías estatutarias realizarase por decreto do Consello da Xunta.

O Decreto 292/2001, do 8 de novembro, polo que se configura a categoría de médico de admisión e documentación clínica, creou esa categoría nun intre no que a estrutura organizativa do Servizo Galego de Saúde respostaba á separación entre niveis asistenciais (atención primaria e atención hospitalaria). Por tal motivo alude expresamente ás institucións hospitalarias nos seus artigos 1 e 2, e establece un ámbito funcional moi directamente vinculado á actividade desas institucións.

A citada Lei 8/2008, do 10 de xullo, estableceu o mandato de introducir na asistencia sanitaria modelos de xestión e fórmulas organizativas, cunha visión horizontal e integradora dos procesos asistenciais, que procuren superar os compartimentos existentes na relación primaria-hospitalaria.

Tras un proceso de implantación dese modelo organizativo de xestión integrada, nomeadamente a partir do Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, actualmente, e despois da modificación da Lei 8/2008 pola Lei 1/2018, do 2 de abril, a ordenación territorial e de xestión do sistema público de saúde baséase nunhas áreas sanitarias que asumen no seu ámbito territorial a xestión, con autonomía funcional e de forma integrada, dos centros, recursos sanitarios, prestacións e programas da atención sanitaria tanto do

nivel de atención primaria como hospitalaria, así como a coordinación sociosanitaria e de promoción e protección da saúde.

En consecuencia, o ámbito funcional da categoría de médico/a de admisión e documentación clínica, tan directamente vinculado na norma a centros hospitalarios, resulta vinte anos despois pouco axustado á actual realidade organizativa, e procede xa que logo actualizalo.

Alén dese cambio do modelo organizativo, a regulación que establece a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, para o exercicio de determinados dereitos, e as súas consecuencias na organización do deseño e xestión dos procesos asistenciais, fan igualmente oportuno adaptar as funcións que a norma atribúe ao persoal médico de admisión e documentación clínica.

A ese obxectivo de interese xeral -adaptar a categoría de médico de admisión e documentación clínica a unha nova realidade organizativa e prestacional- resposta este novo decreto.

Por outra parte, o Decreto 292/2001, ademais de configurar a categoría sobre unhas bases pouco axustadas á realidade organizativa e prestacional actual, sustenta o seu articulado nun marco normativo pretérito e mesmo anterior ao Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

En consecuencia, o que resulta procedente neste intre é ditar un novo decreto que actualice o réxime xurídico do persoal médico de admisión e documentación clínica e os demais aspectos da súa relación de emprego, e polo mesmo derroque o Decreto 292/2001.

Finalmente, neste contexto de actualización normativa da categoría, consideráse necesario reforzar os requirimentos mínimos para poder acceder á mesma e, máis aló do

grao ou a licenciatura en medicina, esixir no futuro os coñecementos adicionais que derivan dun título de especialista ou dunha formación universitaria de posgrao no ámbito da xestión sanitaria.

O decreto consta de 6 artigos nos que se regulan o seu obxecto, o réxime xurídico da categoría, o acceso á mesma, as súas funcións e determinadas especificacións relativas ao cadro de persoal, retribucións e xornada.

Engádesse unha disposición transitoria que mantén temporalmente a vixencia do requisito de titulación previsto no artigo 6.2 do repetido Decreto 292/2001, coa finalidade de posibilitar a adaptación curricular do persoal graduado ou licenciado en medicina que teña actualmente expectativas de traballar como médico/a de admisión e documentación clínica, e non acredite os novos requisitos de acceso.

A disposición derogatoria, aínda que derroga o Decreto 292/2001, mantén como excepción a vixencia do número 2 da súa disposición transitoria primeira, pois os servizos prestados aos que alude aínda poden ser computados, como experiencia profesional, nos procesos selectivos e de provisión de prazas do Servizo Galego de Saúde.

Pechan o texto dúas disposicións derradeiras relativas, respectivamente, á habilitación normativa para o desenvolvemento do decreto e á súa entrada en vigor.

A tramitación desta norma adecuouse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ... *(completar na fase final do procedemento...)*.

Este decreto dítase trala preceptiva negociación na Mesa Sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, ... *(completar na fase intermedia do procedemento)*.

Por último, o texto do decreto adecúase aos principios de boa regulación descritos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Así....a norma persecue un obxectivo de interese xeral, como é adaptar a categoría de médico de admisión e documentación clínica a unha nova realidade organizativa e prestacional e un novo marco xurídico da relación de emprego do persoal estatutario*(completar na fase final do procedemento...)*.

Na súa virtude, por proposta da consellería de Sanidade, ... Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación no Consello da Xunta na súa reunión do día...,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Este decreto ten por obxecto regular o réxime xurídico, réxime de acceso, funcións e dotación de cadro de persoal estatutario da categoría de médico/a de admisión e documentación clínica do Servizo Galego de Saúde.

Artigo 2. Réxime xurídico

A relación de servizo do persoal da categoría regulada neste decreto co Servizo Galego de Saúde rexerase pola Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola normativa en materia de emprego público, nos termos previstos nela, polo presente decreto e pola restante normativa aplicable ao persoal estatutario do organismo.

Artigo 3. Acceso

1. Para acceder á categoría de médico/a de admisión e documentación clínica, como persoal estatutario fixo ou temporal, será indispensable estar en posesión do título de graduado/licenciado en Medicina e calquera título de médico/a especialista expedido polo ministerio con competencias en materia de educación.

No caso de titulacións extracomunitarias ou obtidas noutro Estado membro da Unión Europea, deberá achegarse, ademais, o documento que acredite fidedignamente a súa homologación e recoñecemento, respectivamente.

Tamén poderá acceder quen posúa o título de graduado/licenciado en Medicina e un máster universitario oficial ou título universitario propio (máster universitario, experto universitario, especialista universitario) no ámbito da xestión sanitaria.

2. Será requisito para acceder á condición de persoal estatutario fixo desta categoría a superación das correspondentes probas de selección, convocadas en execución dunha oferta pública de emprego e consonte o establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, e na restante normativa aplicable.

3. A selección do persoal temporal efectuarase polo procedemento que se estableza de conformidade co disposto no artigo 67 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

4. Os procesos de selección para o acceso á categoría de médico/a de admisión e documentación clínica, e os procesos de provisión de prazas da dita categoría, terán carácter periódico e programaranse en función da planificación eficiente das necesidades de recursos.

A oferta ou ofertas de emprego público negociaranse na Mesa Sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e o número de prazas



que se convoquen nos respectivos procesos de selección e concurso de traslados determinarase trala negociación na devandita mesa.

Artigo 4. Funcións

1. O persoal médico de admisión e documentación clínica realizará funcións de admisión, arquivo e documentación clínica, e lle corresponderán con carácter xeral as seguintes funcións:

- a) Organizar e xestionar o acceso dos usuarios da área sanitaria que corresponda ás prestacións asistenciais, facilitando que sexa dispensada de acordo cunhas demoras máximas nos tempos de resposta e garantindo o principio de equidade, independentemente do nivel asistencial en que se presten.
- b) Organizar e xestionar o procedemento de programación da actividade asistencial, de acordo coas directrices dadas pola dirección da área, independentemente do nivel asistencial.
- c) Organizar e xestionar o acceso dos pacientes á modalidade de hospitalización xestionando a asignación de camas de acordo coas directrices dadas pola dirección da área.
- d) Organizar e xestionar o rexistro e control da entrada e a saída de pacientes atendidos en urxencias hospitalarias.
- e) Organizar e xestionar o transporte sanitario da área sanitaria.
- f) Organizar, xestionar e supervisar a tramitación dos traslados de pacientes entre centros, a outros centros e a outros niveis asistenciais, en coordinación, cando proceda, con outros servizos de admisión.





g) Colaborar na organización, actualización e mantemento do sistema de información sanitaria da área, garantindo a súa coherencia, integridade e fiabilidade, así como a confidencialidade da información de acordo coa normativa vixente.

h) Xestionar e organizar os arquivos de documentación clínica e historias clínicas da área sanitaria, asegurando que a súa configuración e utilización se axustan ás previsións contidas na normativa vixente sobre consentimento informado e historia clínica dos/as pacientes, así como na normativa de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

i) Establecer, en colaboración coas instancias determinadas por cada área, a normativa respecto do acceso, a localización, o préstamo e a devolución da documentación clínica, establecendo mecanismos que aseguren a súa confidencialidade, integridade, seguridade e dispoñibilidade.

j) Normalizar a documentación clínica da institución sanitaria da área sanitaria para a súa correcta homoxeneización, en colaboración coa Comisión Central de Documentación Clínica para a Historia Clínica Electrónica creada pola Orde da Consellería de Sanidade, do 20 de novembro de 2018, pola que se regula a dixitalización da documentación clínica en soporte papel que forma parte da historia clínica.

k) Clasificar, integrar e coordinar toda a información clínico-asistencial con independencia de cal sexa o seu soporte físico, así como xestionar, asesorar e supervisar a calidade do proceso de dixitalización da documentación clínica e das condicións de destrución daqueles documentos non dixitais dos que se fai copia auténtica, nos centros da área sanitaria.

l) Realizar e supervisar a codificación clínica da área sanitaria: elaboración de índices, codificación, análise e difusión da información extraída das historias clínicas, elaboración



do conxunto mínimo básico de datos e aplicación de sistemas de clasificación de pacientes e xestión da calidade da información.

m) Colaborar na organización da recuperación da información clínica para usos asistenciais, de investigación e docentes.

n) Garantir a identificación, actualización e mantemento do ficheiro mestre de pacientes do Servizo Galego de Saúde.

ñ) Colaborar coa área de xestión económica da área sanitaria na recollida de datos para facturación.

o) Participar no plan de formación xeral do persoal da área sanitaria e no específico da súa unidade.

p) Participar nas actividades de mellora da calidade propias da súa unidade e xerais da área sanitaria.

q) Participar nos programas de investigación, e de innovación asistencial e organizativa establecidos na área sanitaria.

r) Participar nas actividades relacionadas co control de xestión dos centros que compoñen a área sanitaria, asesorando a dirección para o cumprimento dos obxectivos institucionais e a xestión eficaz e eficiente.

s) Calquera outra función relacionada, por razón do seu contido e finalidade, coas anteriores.

2. As funcións de organización e xestión recollidas no número 1 anterior exerceranse de acordo coas liñas organizativas marcadas pola xerencia ou dirección.

Artigo 5. Cadro de persoal

1. Correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde, baixo a supervisión e o control da consellería con competencias en materia de sanidade, determinar o número de efectivos de persoal da categoría que poden prestar servizos con carácter estrutural.
2. Esta medida de dotación de postos de carácter estrutural farase efectiva mediante as modificacións que procedan nos cadros de persoal, coas limitacións e de conformidade coas previsións establecidas nas disposicións orzamentarias en vigor.

Artigo 6. Retribucións e xornada

1. O personal médico de admisión e documentación clínica percibirá as retribucións que resulten da normativa xeral citada no artigo 1 deste decreto e da normativa orzamentaria, en atención ao código orzamentario específico desta categoría nos correspondentes anexos de persoal.
2. O seu réxime de xornada poderá comprender, con carácter adicional á xornada ordinaria, a realización de xornada complementaria ou atención continuada en réxime de localización, de acordo coas necesidades, a programación do servizo e as directrices do Servizo Galego de Saúde.

Disposición transitoria única. Requisitos de titulación e formación

Os requisitos de titulación e formación previstos no artigo 3.1 deste decreto serán esixibles a partir do 1 de outubro de 2022. Ata esa data manterase vixente o requisito previsto no artigo 6.2 do Decreto 292/2001, do 8 de novembro, polo que se configura a categoría de médico de admisión e documentación clínica.



Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Queda derogado o Decreto 292/2001, do 8 de novembro, coa excepción do número 2 da súa disposición transitoria primeira.

Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de sanidade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto, no ámbito da organización e materias propias do seu departamento

Disposición derradeira segunda.- *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

